

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 24 DE MARZO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día vinte e catro de marzo de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Miguel Ángel Español Otero

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

I.- PUNTO PRIMEIRO- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE APLICACIÓN DA BAIXA NA ADXUDICACIÓN DA OBRA "PAVIMENTADO RÚAS DA GUARDA II" PARA A OBRA "MELLORA PAVIMENTOS AVDA. DE BUXÁN E CAMIÑO DA GALAPA".

Vistas as Bases reguladoras do Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014,

habéndose producido unha baixa na adxudicación da obra "Pavimentado rúas da Guarda II" de 17.013,36 euros, e

de acordo do parágrafo sexto da base décimocuarta de ditas bases que textualmente di "De se produciren baixas na adxudicación dos contratos a entidade local beneficiaria deberalle comunicar o seu emprego ó organismo municipal",

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

SOLICITAR a aplicación da baixa para a obra "Mellora pavimentos Avda. de Buxán e Camiño da Galapa" por un importe de 20.100,00 euros.

II.- PUNTO SEGUNDO.- APROBACION DO PROXECTO E DO INVESTIMENTO MUNICIPAL Ó ABEIRO DAS BASES DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.

ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA INVESTIMENTOS PPOS 2015

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Realizar o investimento denominado "Urbanización Rúa Calvario"
- 2.- Aprobar o proxecto denominado "Urbanización Rúa Calvario"

2.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 216.464,57 euros con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos 2015.

3.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros ; a Xunta de Goberno Local é órgano competente para comprometer esta achega.

4.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA FACER FRONTE Ó PAGAMENTO A ACREEDORES DE GASTO CORRENTE

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- O Concello da Guarda ten contraída unha débeda cos seguintes acreedores e polos seguintes conceptos

RELACIÓN ACREEDORES		IDENTIFICACIÓN DO XUSTIFICANTE DE GASTO					APROBACIÓN XUSTIFICANTE GASTO
NOME	CIF	DATA EXPEDICIÓN	DATA REXISTRO	Nº	RESUMO DOS CONCEPTOS	IMPORTE (€)	ORGANO QUE APROBOU O XUSTIFICANTE GASTO
TALLERES LEZA	34885235-P	30/11/2013	03/12/2013	216-13	Reparación camión lixo	1.721,37	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
DIGITAL VIGO	B36871473	27/02/2015	10/03/2015	M150137	Copias fotocopiadora do 14/03/2014 a 23/02/2015	169,42	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
CLUB BALONCESTO BAIONA	G36885549	09/02/2015	20/02/2015	001	Coordinación escola municipal baloncesto mes outubro 2014	90,00	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
CLUB BALONCESTO BAIONA	G36885549	09/02/2015	20/02/2015	002	Coordinación escola municipal baloncesto mes novembro 2014	156,00	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
CLUB BALONCESTO BAIONA	G36885549	09/02/2015	20/02/2015	003	Coordinación escola municipal baloncesto mes decembro 2014	168,00	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	S1500072B	31/12/2014	26/02/2015	565	Aportación económica municipal Xantar na casa	1.127,16	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
NEA	B15361348	19/11/2014	13/03/2015	1/014153 85	Aluquer fotocopiadora novembro 2014	347,62	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015

Segundo.- As débedas que se detallan están pendentes de aboamento e que, na data de expedición desta certificación, non existen outros acreedores con preferencia de cobro.

Terceiro.- Para facer fronte ó seu pagamento solicítase unha subvención por importe 3.779,57 euros con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos 2015.

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA FACER FRONTE Ó PAGAMENTO A ACREEDORES DE INVESTIMENTOS

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Pola realización do investimentos o Concello da Guarda ten contraída unha débeda cos seguintes acreedores:

RELACIÓN ACREEDORES		IDENTIFICACIÓN DO XUSTIFICANTE DE GASTO					APROBACIÓN XUSTIFICANTE E GASTO
NOME	CIF	DATA EXPEDICIÓN	DATA REXISTRO	Nº	RESUMO DOS CONCEPTOS	IMPORTE (€)	ORGANO QUE APROBOU O XUSTIFICANTE GASTO
HIDROMIÑO, S.L.	B36440196	10/06/2014	11/07/2014	031/14	Actuacións na praza de abastos da Guarda	7.288,76	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
IMVENTA INGENIEROS, S.L.L.	B-93305498	27/02/2015	03/03/2015	201500106	Programas informáticos urbanismo	1.421,75	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
ARCHICAD ESPAÑA, S.L.	B81733701	02/03/2015	10/03/2015	000018	Programas informáticos urbanismo	5.741,45	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
FULGENCIO PAGÁN	35906180-Y	24/12/2014	13/03/2015	A/14107	Reloj Praza	1.706,10	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
GREEN TIC, SISTEMAS Y COMUNICACIONES, S.L.	B-94108156	28/01/2015	17/02/2015	FA1501-0016	Tsunami MP.II 5054-R	1.440,76	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
GREEN TIC, SISTEMAS Y COMUNICACIONES, S.L.	B-94108156	13/03/2015	14/03/2015	FA1503-0031	Fortigate 40C Hardware	746,17	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
GREEN TIC, SISTEMAS Y COMUNICACIONES, S.L.	B-94108156	13/03/2015	14/03/2015	FA1501-0030	Switch Enterasys O8G20G4-24	677,60	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015
LORENZO RODRIGUEZ CORREA	35557409F	13/03/2015	13/03/2015	A/94	Bomba Térmica	6.053,17	ALCALDE DECRETO ALCALDÍA 26/03/2015

Segundo.- As débedas que se detallan están pendentes de aboamento e que, na data de expedición desta certificación, non existen outros acreedores con preferencia de cobro.

Terceiro.- Para facer fronte ó seu pagamento solicítase unha subvención por importe 25.075,76 euros con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos 2015.

III.- PUNTO TERCEIRO.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DO GOBERNO LOCAL DE 6 D FEBREIRO DE 2015 RELATIVO Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS OBRAS NA PRAZA DE ABASTOS.

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2015 se adoptou o acordo de solicitar unha subvención ó abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, e que dito acordo contiña un erro en canto ó porcentaxe de subvención solicitada, a Xunta de Goberno Local acorda modificar dito acordo de tal xeito que queda como sigue:

Vista a Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións aos concellos de Galicia para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos de comercio non sedentario, cofinanciadas polo FEDER, e se procede a súa convocatoria para o ano 2015, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, órgano competente para elo, ACORDA solicitar a subvención ao abeiro desta orde para:

- Proxecto: Actuación na praza de Abastos 2015:
 1. Obras de mantemento e mellora das instalacións: 124.418,24 €
 2. Mentoring: 3.630,00 € (Ive Engadido)
- Orzamento total: 128.048,24 €
- Subvención solicitada para as obras de mantemento de mellora das instalacións: 70% .
- Subvención solicitada para Mentoring: 1.800 €.

IV.- PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN DAS CUOTAS DOS POSTOS FIXOS DO MERCADO MUNICIPAL DO MES DE FEBREIRO DE 2015.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de FEBREIRO DE 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Sendo as dez horas e vinte minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.